

REXP recoñecemento
da experiencia
profesional


RECOÑECEMENTO DA EXPERIENCIA PROFESIONAL: REXP 2020



ENTREGA DE ACREDITACIÓNS E CERTIFICADOS REXP 2019



DIFUSIÓN PROCEDEMENTO REXP



EXPEDICIÓN

- CERTIFICADOS DE PROFESIONALIDADE
- CERTIFICACIONES PERSOAIS GASES FLUORADOS



PROBAS DE AVALIACIÓN EN COMPETENCIAS CLAVE



OUTROS ESTUDOS E INFORMES:

- PROFESIÓN REGULADAS
- GUÍA DAS OCUPACIÓNS

Recoñecemento da Experiencia Profesional REXP 2020

GALICIA ACREDITA O TEU FUTURO

www.emprego.ceei.xunta.gal

REXP recoñecemento
da experiencia
profesional

FASE 1: INSCRICIÓN



FASE 2: ASESORAMENTO



FASE 3: AVALIACIÓN



FASE 4: ACREDITACIÓN

CERTIFICADO OFICIAL



CONVOCATORIA REXP 2020

A Consellería de Emprego e Igualdade publicou unha convocatoria do Procedemento REXP de recoñecemento da experiencia profesional para o ano 2020, que corresponde á 13ª convocatoria, das que esta consellería leva realizando dende o ano 2011, centrándose en determinados ámbitos profesionais e convocando un total de:

11 Cualificacións profesionais
1.800 Prazas convocadas
6.475 Unidades de competencia

Publicación da 13ª convocatoria

ORDE do 15 de novembro de 2019, pola que se realiza a convocatoria pública para o ano 2020 do procedemento de recoñecemento das competencias profesionais adquiridas a través da experiencia laboral, na Comunidade Autónoma de Galicia, en determinadas unidades de competencia do Catálogo nacional de cualificacións profesionais, cofinanciado nun 80% polo FSE con cargo ao programa operativo FSE Galicia 2014-2020

DOG núm. 226, do 27 de novembro de 2019

Inscripción dende : 28/11/2019 ata: 27/12/2019

REXP 2020

Publicación da 13ª convocatoria

Nesta 13ª convócanse un total de 1.800 prazas en 11 cualificacións profesionais, das cales dúas se convocan por primeira vez:

- **Instrución en loga, de nivel 3**
- **Vixilancia e seguridade privada, de nivel 2**

Esta convocatoria estase a desenvolver, e finaliza en decembro deste ano 2020

CUALIFICACIÓNS PROFESIONAIS	Prazas
Atención sociosanitaria a persoas no domicilio (SSC089_2)	300
Atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais (SSC320_2)	250
Socorrismo en espazos acuáticos naturais (AFD340_2)	200
Socorrismo en instalacións acuáticas (AFD096_2)	200
Servizos para o control de pragas (SEA028_2)	75
Docencia da formación para o emprego (SSC448_3)	100
Extinción de incendios e salvamento (SEA129_2)	150
Operacións de vixilancia e extinción de incendios forestais e apoio a continxencias no medio natural e rural (SEA129_2)	150
Confección e mantemento de artes e aparellos (MAP005_2)	75
Instrución en loga (AFD616_3)	150
Vixilancia e seguridade privada (SEA029_3)	150

Convocatoria REXP 2019

Resumo de resultados

Nas 11ª e 12ª convocatorias realizadas e finalizadas no ano 2019 convocáronse un total de **11 cualificacións profesionais**. En total ofertáronse **1.817 prazas para un total de 6.968 unidades de competencia**. Nestas dúas convocatorias un total de **1.946 persoas** solicitaron participar. Destas, cumprían requisitos e foron seleccionadas (en función do baremo establecido por tempo de experiencia e formación) un total de **1.325** persoas. Destas seleccionadas, finalizaron asesoramento e avaliación un total de **965** persoas, das que un 38,24%, **369 persoas, xa teñen o seu certificado de profesionalidade obtido a través do REXP** e un 50,88%, **491 persoas, obtiveron acreditacións parciais de unidades de competencia**.

Cualificacións profesionais	Prazas	Solicitudes	Admitidos	Persoas avaliadas	Certificado de profesionalidade	Acreditacións parciais
Atención sociosanitaria a persoas no domicilio	300	502	313	208	91	92
Atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais	250	286	175	129	41	74
Servizos para o control de pragas	50	114	73	56	31	15
Xestión de servizos para o control de organismos nocivos	25	36	11	9	5	3
Socorrismo en instalacións acuáticas	225	103	69	52	4	37
Socorrismo en espazos acuáticos naturais	225	74	48	35	12	20
Extinción de incendios e salvamento	150	166	133	117	89	26
Tanatopraxia	150	222	178	132	15	85
Operacións de vixilancia e extinción de incendios forestais e apoio a continxencias no medio natural e rural	242	297	243	182	63	113
Docencia da Formación Profesional para o emprego	100	134	74	39	12	26
Operacións auxiliares de fabricación mecánica	100	12	8	6	6	0
TOTAIS	1.817	1.946	1.325	965	369	491

Convocatorias REXP finalizadas: 2011-2019

Resumo de resultados

Nas 13 convocatorias realizadas e finalizadas entre 2011 e 2019 convocáronse un total de **19 cualificacións** profesionais. En total ofertáronse **17.761 prazas**. Nestas 13 convocatorias un total de **32.793 persoas** solicitaron participar (case o dobre das prazas ofertadas). Destas, cumprían requisitos e foron seleccionadas (en función do baremo establecido por tempo de experiencia e formación) aproximadamente a metade, un total de **17.105** persoas. Destas seleccionadas, finalizaron asesoramento e avaliación un total de **14.166** persoas, das que un **61,44%, 8.703** persoas, xa teñen o seu certificado de profesionalidade obtido a través do REXP e un **33,13%, 4.693** persoas, obtiveron acreditacións parciais de unidades de competencia.

Cualificacións profesionais	Prazas convocadas	Solicitudes presentadas	Candidatos Seleccionados	Finalizaron asesoramento e avaliación	Obteñen Certificados Profesionaliade	Acreditacións Parciais de Unidades
Atención sociosanitaria a personas no domicilio	5622	11739	5967	5025	3430	1332
Atención sociosanitaria a personas dependientes en institucións sociais	4360	8552	4633	3867	2266	1394
Confección e mantemento de artes e aparellos	520	408	359	341	333	1
Operacións básicas de restaurante e bar	100	141	92	73	73	0
Fabricación e montaxe de instalacións de tubaxe industrial	182	116	53	42	36	6
Soldadura	58	71	66	44	34	9
Cubertas inclinadas (UCs lousa)	50	58	38	36	33	3
Servizos para o control de pragas	623	1047	622	494	384	49
Xestión de servizos para o control de pragas	225	316	190	160	105	42
Socorrismo en instalacións acuáticas	1941	3849	1756	1345	559	702
Socorrismo en espazos acuáticos naturais	1556	2586	1140	960	469	454
Información xuvenil	250	311	199	180	163	17
Transporte sanitario	200	96	42	27	12	14
Operacións auxiliares de fabricación mecánica	100	12	8	6	6	0
Tanatopraxia	600	1016	672	554	141	333
Aproveitamentos forestais	100	67	35	28	0	26
Extinción de incendios e salvamento	762	1400	745	620	532	82
Docencia da Formación para o emprego	100	134	74	39	12	26
Operacións de vixilancia e extinción de incendios forestais e apoio no medio natural e rural	412	874	414	325	115	203
TOTAIS	17.761	32.793	17.105	14.166	8.703	4.693

Toda a información sobre o recoñecemento da experiencia profesional recóllese en


https://ceei.xunta.gal/recursos/temas-de-interese/c/Formacion-ocupacional-e-continua?content=topic_0146.html

Entrega de Acreditacións e Certificados REXP 2019

Anualmente tiña lugar no Pazo de Congresos de Santiago de Compostela un acto de entrega de acreditacións oficiais e certificados de profesionalidade ás persoas que participaron no procedemento de recoñecemento da competencia profesional na convocatoria do ano anterior.

Neste ano 2020 a Consellería de Emprego e Igualdade decidiu suspender o acto de entrega das acreditacións e certificados de profesionalidade acadados polas persoas candidatas que participaron no procedemento de recoñecemento das competencias profesionais desenvolvido no ano 2019, por mor das restricións sanitarias, xa que se trata dun acto multitudinario ao que adoitan acudir unhas 600 persoas.

A conselleira de Emprego e Igualdade, María Jesús Lorenzana, vén de remitir un total de 369 certificados de profesionalidade e 491 acreditacións parciais de unidades de competencia ás persoas participantes na convocatoria do procedemento de recoñecemento da competencia profesional do ano 2019.



DIFUSIÓN PROCEDIMENTO REXP

Coa finalidade de reforzar a fase de información do procedemento de recoñecemento da competencia profesional adquirida por experiencia laboral e/ou aprendizaxes non formais, procedeuse á distribución de 12.000 tarxetóns informativos entre os centros propios de formación profesional para o emprego que a consellería dispón nas 4 provincias da nosa comunidade autónoma, oficinas de emprego, xefaturas territoriais, así como aos axentes sociais co fin de que estes dean a coñecer e difundir as oportunidades que ofrece o procedemento.

REXP

recoñecemento da experiencia profesional

¿Para que é o recoñecemento?

Para que as persoas que teñen experiencia e/ou formación non oficial, a través dun proceso de asesoramento e avaliación, poidan obter unha **acreditación oficial**, de ámbito estatal, con efectos:

Profesionais: acceso e promoción no emprego, e

Académicos: validación de módulos da FP inicial e/ou da FP para o emprego (desempregados e ocupados).

¿Quen pode obter o recoñecemento?

As persoas con **experiencia laboral**: polo menos 3 anos, cun mínimo de 2.000 horas traballadas en total, nos últimos 10 anos. Para as unidades de competencia de nivel 1 polo menos 2 anos de experiencia laboral cun mínimo de 1.200 horas traballadas en total, nos últimos 10 anos; e/ou

As persoas con **formación non formal**: polo menos 300 horas, nos últimos 10 anos. Para as unidades de competencia de nivel 1 un mínimo de 200 horas nos últimos 10 anos.

Dirixindo a súa solicitude á **Consellería de Economía, Emprego e Industria**.

¿Como obter o recoñecemento?

É necesario **inscribirse** no procedemento de recoñecemento da competencia profesional: **código do procedemento TR045A**.

Tras a publicación da **convocatoria** no DOG e no BOC, as persoas interesadas deberán presentar solicitude, no prazo indicado, acompañada do seu currículo (modelo europeo) e toda documentación **xustificativa** da súa experiencia e/ou formación.

Poderán presentar esta documentación na sede electrónica da Xunta de Galicia ou por calquera das formas previstas na Lei de procedemento administrativo.

XUNTA DE GALICIA

Fases do procedemento de recoñecemento da competencia profesional

ASESORAMENTO

Fin: Axudar ás persoas a autoavaliar a súa competencia e completar o seu historial profesional e formativo.

Como: Haberá unha reunión grupal e entrevistas individuais.

A quen: As persoas que fosen admitidas no procedemento.

Por quen: Un asesor, que será un experto profesional ou docente na materia.

Onde: Nos centros que se indicarán na convocatoria.

Resultado: O asesor proporcionará a cada persoa un informe orientativo e, de ser o caso, un plan de formación.

AVALIACIÓN

Fin: Comprobar a competencia profesional das persoas.

Como: A través de distintos métodos e actividades de avaliación, que poderán ser: entrevistas profesionais, simulacións, probas de competencia, observación no posto de traballo, etc.

A quen: As persoas que, tras o asesoramento, decidan pasar á fase de avaliación.

Por quen: Unha comisión de avaliación, de polo menos 5 persoas, expertos profesionais ou docentes na materia.

Onde: Nos centros de formación ou empresas que se determinen.

Resultado: A comisión comunicará a cada candidato os resultados da avaliación (competencia demostrada ou non demostrada) e un plan de formación.

ACREDITACIÓN

Fin: Recoñecer, mediante un documento oficial, os coñecementos e capacidades das persoas e conseguir un certificado de profesionalidade.

Como: A Administración expedirá a cada persoa unha acreditación parcial acumulable da/s unidade/s de competencia superadas.

A quen: As persoas que obtiveron avaliación positiva.

Por quen: Por parte da Consellería de Economía, Emprego e Industria.

Resultado: Acreditación das unidades de competencia e posibilidade de completar un certificado de profesionalidade e/ou un título de FP.

ONDE OBTÉR INFORMACIÓN E ORIENTACIÓN xeral sobre o procedemento: fases, requisitos, documentación, calendarios, sedes, etc.

- Nas oficinas de emprego do Servizo Público de Emprego de Galicia.
- Nas xefaturas territoriais da Consellería de Economía, Emprego e Industria.
- Nos centros propios de Formación Profesional para o Emprego da Consellería de Economía, Emprego e Industria.
- Na páxina web da Consellería de Economía, Emprego e Industria: https://ceei.xunta.gal/recursos/temas-de-interese/content?topic_0146.html
- No Instituto Galego das Cualificacións, tel.: 981 546 840.



Fondo Social Europeo
O FSE inviste no teu futuro

Xacobeo 2021



Continuáronse reforzando as campañas de difusión e información sobre o procedemento de recoñecemento da competencia profesional. Os medios de difusión empregados para facer chegar ás persoas interesadas a información sobre as convocatorias deste procedemento foron:

WEB INSTITUCIONAL

Portal de Emprego, Instituto Galego das Cualificacións, Servizo Público de Emprego de Galicia

EMAIL E REDES DE COMUNICACIÓN

Centros propios de Formación Profesional para o Emprego, Rede de centros acreditados; Plataforma de Orientadores Laborais
Campaña Facebook
Campaña LinkedIn REXP do Servizo Público de Emprego

ANUNCIOS EN MEDIOS DE COMUNICACIÓN

Prensa dixital nos xornais de maior difusión: *La Voz de Galicia, Faro de Vigo, El Correo Gallego, Ideal Gallego, El Progreso, La Región, La Opinión da Coruña, Diario de Pontevedra.*

Toda a información sobre o recoñecemento da experiencia profesional recóllese en

https://ceei.xunta.gal/recursos/temas-de-interese/c/Formacion-ocupacional-e-continua?content=topic_0146.html

EXPEDICIÓN CERTIFICACIÓNS PROFESIONAIS



CERTIFICADOS DE PROFESIONALIDADE

Na disposición transitoria primeira do Real decreto 34/2008, do 18 de xaneiro, polo que se regulan os certificados de profesionalidade (BOE nº 27, do 31.01.08 e suplemento en galego BOE nº 1, do 1.02.08), establécese a expedición de certificados de profesionalidade pola realización de determinadas accións formativas.

Ao abeiro desta disposición, o Instituto Galego das Cualificacións, a través dunha aplicación informática propia da Comunidade Autónoma de Galicia, leva a cabo a tramitación e rexistro dos certificados de profesionalidade, en coordinación coa aplicación informática SILCOI do Servizo Público de Emprego Estatal.

No ano de 2019 solicitáronse un total de 10.087 certificados de profesionalidade e concedéronse un total de 9.005 certificados de profesionalidade completos, 928 acreditacións parciais de unidades de competencia e 415 foron solicitudes denegadas.

Ata o 30 de novembro deste ano 2020 recibíronse un total de 4.229 solicitudes e concedéronse un total de 1.444 certificados de profesionalidade completos, 173 acreditacións parciais de unidades de competencia, 81 solicitudes denegadas e o resto atópanse en estado de tramitación.



TR307A - Solicitud de certificación persoal para a manipulación de gases fluorados

ED321A - Certificación persoal na manipulación de gases fluorados


CERTIFICACIÓNS PERSOAIS GASES FLUORADOS

En febreiro de 2017 publicouse o Real decreto 115/2017, do 17 de febreiro, polo que se regulan as certificacións dos profesionais necesarias para os que empregan gases fluorados.

O Decreto 100/2011, do 19 de maio da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza regula a distribución de competencias en materia de expedición destas certificacións e establece a competencia da consellería con competencias en materia de traballo, neste caso a Consellería de Emprego e Igualdade, para a expedición de certificados persoais, cando a certificación se obteña como consecuencia da obtención dun certificado de profesionalidade, así como o mantemento dun rexistro actualizado dos certificados expedidos.

Durante o ano 2019 rexistráronse dende esta aplicación un total de 240 novas solicitudes, das cales 196 foron certificacións persoais concedidas, 13 foron solicitudes denegadas, e a 31 requíriúselles documentación ou foron trasladadas. Ademais resolvéronse solicitudes presentadas en anos anteriores, en concreto concedéronse 14 certificacións persoais.

Ata o mes de novembro deste ano 2020 recibíronse un total de 89 solicitudes e lévanse concedido un total de 76 certificacións persoais.



Rexistro de certificados para a manipulación de gases fluorados



Toda a información
<http://ceei.xunta.gal/registros/certificados-fluorados>

Organizacións: Secretaría Xeral de Emprego
Temas: Seguridade e saúde laboral; Industria

Comercializar e manipular gases fluorados

- Rexistro de certificados para a manipulación de gases fluorados
- Certificación de empresas
- Certificación persoal
- Autorización de distribuidores de halóns

Toda a información sobre o recoñecemento da experiencia profesional recóllese en

https://ceei.xunta.gal/recursos/temas-de-interese/c/Formacion-ocupacional-e-continua?content=topic_0147.html

https://ceei.xunta.gal/recursos/temas-de-interese/c/Formacion-ocupacional-e-continua?content=topic_0070.html



14ª convocatoria das probas de avaliación en competencias clave

O 26 de febreiro de 2020 publicouse, no *Diario Oficial de Galicia* número 38, a Resolución do 13 de febreiro de 2020, da Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral, pola que se convocan probas de avaliación en competencias clave para acceder aos certificados de profesionalidade de nivel 2 e 3 de cualificación.

Estas probas diríxense ás persoas que non posúen os requisitos de formación básica (ESO para o nivel 2 ou Bacharelato para o nivel 3) requiridos para acceder aos cursos asociados aos novos certificados de profesionalidade.

QUE SON OS CERTIFICADOS DE PROFESIONALIDADE?	Son cursos que proporcionen unha acreditación oficial, con validez en toda España, e facilitan o acceso ao mercado laboral.
CALES SON OS REQUISITOS PARA CURSAR CERTIFICADOS DE PROFESIONALIDADE?	Para os certificados de nivel 1: non hai requisitos. Para os certificados de nivel 2: ESO ou titulacións equivalentes. Para os certificados de nivel 3: Bacharelato ou titulacións equivalentes.
PARA QUE BERVEN AS COMPETENCIAS CLAVE?	Para permitir o acceso aos certificados de profesionalidade ás persoas que non posúen a titulación requirida. De non ter a ESO ou formación equivalente, tes que aprobar as competencias clave de nivel 2. De non ter o Bacharelato ou formación equivalente, tes que aprobar as competencias clave de nivel 3.
CALES SON AS COMPETENCIAS CLAVE?	Matemáticas, Lingua castelá, Lingua galega e Lingua estranxeira.
COMO PODO OBTENIR AS COMPETENCIAS CLAVE?	- Realizando un curso en competencias clave. - Superando as probas de competencias clave que convoca o Instituto Galego das Cualificacións unha vez ao ano.
EN QUE CONSISTEN AS PROBAS DE COMPETENCIAS CLAVE?	A persoa participante terá que realizar un exame de cada unha das competencias clave nas que realizou a inscrición. De superar con éxito as probas, expediráselle un documento acreditativo.
COMO PODO ANOTARME ÁS PROBAS DE COMPETENCIAS CLAVE?	A convocatoria anual publícase no DOG no primeiro trimestre do ano e as probas son realizadas polo mes de maio. A inscrición realízase a través do formulario TR308A e presentárase na sede electrónica de Xunta de Galicia ou por calquera das formas previstas na Lei de procedemento administrativo.

Información na WEB
+
NOVO Tarxetón
informativo distribuído en
oficinas de emprego e
centros propios

Anulación das probas de competencias clave 2020

A Resolución do 22 de xuño de 2020 deixa sen efecto a Resolución do 13 de febreiro de 2020 pola que se convocaban probas de avaliación en competencias clave para acceder aos certificados de profesionalidade de nivel 2 e 3 de cualificación.

No actual contexto de crise sanitaria, o Consello Galego de Formación Profesional resolveu a non realización das probas, ao tratarse dunha actividade colectiva que mobiliza unha cifra estimada de preto de 4.000 persoas e que, ademais, se desenvolve nun espazo pechado.

A Consellería de Emprego e Igualdade prioriza esta acción formativa como medida dirixida a acadar a inserción laboral de colectivos en risco de exclusión. Por este motivo, estase a articular o procedemento para o 2021, atendendo aos distintos escenarios posibles e primando o necesario cumprimento da normativa sanitaria vixente.

Cómpre salientar que no 2019, realizáronse un total de **15.569** probas, acadando unha porcentaxe de aprobados do 72,57% para o nivel 2 e un 61,61% para o nivel 3.

Toda a información sobre as probas de competencias clave recóllese en


https://ceei.xunta.gal/recursos/temas-de-interese/c/Formacion-ocupacional-e-continua?content=topic_0145.html

PROFESIÓN REGULADAS (actualización novembro 2020)

Análise das profesións reguladas e as súas posibles vinculacións cos certificados de profesionalidade das distintas familias profesionais

Neste informe, de revisión permanente, o Instituto Galego das Cualificacións presenta un inventario, así como unha análise pormenorizada que pode servir de información de consulta aos profesionais do emprego e formación que necesiten orientar sobre as formas de obter unha habilitación profesional. Por outra banda, a vinculación existente entre estas habilitacións e a formación adquirida a través dun certificado de profesionalidade xustifica a información engadida, de ser o caso, sobre a relación directa ou indirecta destes coa obtención dunha acreditación para traballar.

Desde o 20 de outubro de 2007, o recoñecemento das cualificacións profesionais permite que o beneficiario poida acceder, no Estado membro de acollida, á profesión para a que estea cualificado e exercela nas mesmas condicións que os nacionais do dito Estado membro cando neste último estea regulada.



ACTIVIDADES FÍSICAS E DEPORTIVAS

SOCORRISTA

ÓRGANO COMPETENTE:

DIRECCIÓN XERAL DA ACADEMIA GALEGA DE SEGURIDADE PÚBLICA

NORMATIVA

- ➔ **Decreto 35/2017**, do 30 de marzo, polo que se modifica o Decreto 104/2012, do 16 de marzo polo que se fixa a formación mínima dos socorristas acuáticos e se crea e regula o Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia.
- ➔ **Decreto 104/2012**, do 16 de marzo, polo que se fixa a formación mínima dos socorristas acuáticos e se crea e regula o Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia.

Para o exercicio profesional do socorrismo acuático na Comunidade Autónoma de Galicia, será necesario que o/a profesional solicite a inscrición no correspondente Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia, presentando a preceptiva declaración responsable, e que dispoña da correspondente habilitación profesional.

Este libro está dispoñible na WEB da Consellería no seguinte enlace:

https://ficheiros-web.xunta.gal/cei/Biblioteca/Documentos/Publicacions/IGCualificacions/formacion_outros/profesiones-reguladas-novembro-2020.pdf


Novidade

A **GUÍA DE OCUPACIÓNS** relaciona unha serie de ocupacións con boas **PERSPECTIVAS DE EMPREGO** en Galicia segundo os resultados dos indicadores manexados dende o Observatorio de Emprego.

A guía xorde como un instrumento dirixido á **ORIENTACIÓN LABORAL** e proporciona unha serie de posibles itinerarios profesionais diversos, tanto pola súa natureza, como polo nivel de cualificación exixida.

Emprego Orientación Continuidade

Esta análise ocupacional nace con carácter de **CONTINUIDADE** polo que, en próximas edicións, teremos en conta a evolución do emprego xerado en Galicia e as novas características dos traballos do futuro



Un total de **37 ocupacións** recomendadas atendendo á información rexistrada no último quinquenio (2015-2020).

Os perfís seleccionados amosan unha gran variabilidade, tanto pola súa vinculación sectorial como polos requirimentos de cualificación no seu desempeño:

- Sanidade e servizos sociais
- Enxeñaría e informática
- Actividades industriais
- Agrogandeiro e forestal
- Loxística e transportes ...

Este libro está dispoñible na WEB da Consellería no seguinte enlace:

https://ficheiros-web.xunta.gal/cei/Biblioteca/Documentos/Publicacions/IGCualificacions/saidas_filons/guia-ocupacions.pdf

